

SITUACIÓN DO APROVEITAMENTO DE CONÍFERAS E DO SEU RÉXIME DE AXUDAS A FORESTACIÓN E SILVICULTURA EN GALICIA

Documentación técnica anexa á proposta de modificación de axudas.



Marzo 2024

SUPERFICIES FORESTAIS GALICIA

RESUMEN SUPERFICIES (Ha) PARA GALICIA: POR CLASE e USO

Clases	Forestal Arborizado	Forestal Non Arborizado	Non Forestal Arborizado	SubTotal	Arb. Rexeneración	Cortas	Incendios	Área quemada	Total
Eucalipto	367.472	13	5.710	373.195	21.259	12.953	1.133	486	409.026
Conífera	363.963	26	4.571	368.561	28.362	13.657	9.167	2.597	422.344
Froncosa	593.011	49	14.905	607.965	3.796	2.154	4.263	1383	619.561
					6.401				6.401
Total	1.324.446	88	25.186	1.349.720	59.817	28.765	14.564	4.465	1.457.331

O cociente $422.344/13.657 = 31$ indícanos que **o turno real das coníferas debe de estar en Galicia no entorno dos 31 anos**, o cal indica unha alta intensidade de aproveitamento dos piñeiros.

MARCO DE AXUDAS 1

PDR DE GALICIA FORESTACIÓN CONÍFERAS


Axudas para forestación de terras non agrarias.

- **Medida 8.1 (establecemento e mantemento de superficies forestais)** do PDR de Galicia 2014-2020.
- Cofinanciadas polo FEADER.
- Convocatorias anuais.
- **Vixencia ata 2025** dentro do marco da prórroga do PDR.
- Intensidade da axuda, **100%**.
- **Forestación de terras non agrarias**, clasificadas no SIXPAC como terreos que estean identificados (Sixpac) como **forestal, (FO), pasto con arboredo (PA), ou pasto arbustivo (PR)**.
- Solicitantes: **CMVMC (45%), propietarios particulares (10% orzamento), agrupacións forestais (45%)**.
- Gastos de plantación forestal e de área de defensa contra incendios forestais.
- Módulo coníferas **1853 euros/ha**.

MARCO DE AXUDAS 2

PDR DE GALICIA FORESTACIÓN CONÍFERAS

ha forestadas coníferas PDR Galicia 2018-2023



Superficie reforestada Orden axudas forestación PDR 2018-2023 en ha e %

<i>P. pinaster</i>	<i>P. sylvestris</i>	<i>P. radiata</i>	<i>P. nigra</i>	P. Oregon	TOTAL
6.013	5.180	1.306	460	277	13.236
45%	39%	10%	3%	2%	100%

MARCO DE AXUDAS 3

PDR DE GALICIA FORESTACIÓN CONÍFERAS

<i>Superficie (ha) coníferas forestada Medida 8.1 PDR de Galicia, periodo 2019-2023</i>						
Propiedade/ Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL	Porcentaxe
CMVMC	300	1575	6111	1781	9767	96%
<i>Prop. Particulares</i>	22	154	11	3	190	2%
<i>Agrup. Propietarios</i>	56	183	10	12	261	3%
TOTAL	378	1912	6132	1796	10218	100%
Porcentaxe	4%	19%	60%	18%	100%	

- O **96%** das axudas de forestación de coníferas no periodo 2019-2023, foron destinadas a **CMVMC**, sendo o resto de beneficiarios marxinais.
- A **provincia** de máximo investimento, **Ourense co 60%** do investimento total.
- Un **uso tan marxinal** das axudas por parte de **propietarios forestais a título individual e Agrupacións Forestais**, cando teñen reservado na Orde o 10% e 45% do orzamento, **revela unha mal deseño das axudas aos efectos de xerar demanda nesas colectivos.**

MARCO DE AXUDAS 4

PDR DE GALICIA FORESTACIÓN CONÍFERAS

<i>Investimento (euros) Medida 8.1 PDR de Galicia, forestación coníferas periodo 2019-2023</i>						
Propiedade/ Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL	Porcentaxe
CMVMC	592.100 €	2.791.000 €	11.050.000 €	3.527.000 €	17.960.100 €	96%
<i>Prop. Particulares</i>	46.600 €	287.300 €	16.600 €	6.100 €	356.600 €	2%
<i>Agrup. Propietarios</i>	119.500 €	338.900 €	17.000 €	8.700 €	484.100 €	3%
TOTAL	758.200 €	3.417.200 €	11.083.600 €	3.541.800 €	18.800.800 €	100%
Porcentaxe	4%	18%	59%	19%	100%	

- **18.800.000 euros en 5 anos, unha media de 3.800.000 euros/ano.**
- Como era de esperar, **o 96% do investimento e 60% da superficie forestada se corresponde coa provincia de Ourense.**
- Interesantemente todas estas superficies son maioritariamente **elexibles para o Rexistro do MITERD para o mercado voluntario de carbono** (si coincide que estaban sen reforestar antes do 1 de xaneiro de 1990).
- **A estas cantidades hai que sumar as de axudas para mantementos destas masas subvencionadas, ata 320 euros/ha para coníferas. Máximo 5 anos, 1500 euros/ha.**

MARCO DE AXUDAS 5

PDR DE GALICIA TRATAMENTOS SELVÍCOLAS

MASAS CONÍFERAS



Liña de axudas para accións silvícolas den masas de coníferas.

- **Medida 8.3** (axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes) do PDR de Galicia 2014-2020.
- Cofinanciadas polo FEADER.
- Convocatorias anuais.
- **Vixencia ata 2025** dentro do marco da prórroga do PDR.
- Intensidade da axuda, **100%**.
- **Máximo 50 ha solicitude.**
- **Axudas para propietarios particulares (10%), agrupacións de propietarios (45%) e CMVMC (45%).**
- **Liña de clareos en masas de coníferas con tratamento restos..**
- **Liña de podas ata 4 m, con tratamento restos.**

MARCO DE AXUDAS 6

PDR DE GALICIA TRATAMENTOS SELVÍCOLAS MASAS CONÍFERAS: **INTENSIDADE INTERVENCIÓNS**

Concepto/ Uds.	Histórico 2018-2022		Masas actuais		Necesidades intervención		
	Superficie	Orzamento	Sup. Coníferas	Turno estimado	Superficie	Ratio	Orzamento
	ha/ano	euros/ano	ha	Anos	ha/ano	Ratio	euros/ano
Rareos	540	898.140 €	422.000	35	12.057	22	20.068.574 €
Podas	3.876	6.751.800 €				3	21.005.113 €
		7.649.940 €				5,37	41.073.687 €

Para cubrir un **escenario teórico** de necesidades de intervención no 100% da superficie de coníferas, con alomenos un clareo e unha poda baixa:

- Habería que **multiplicar o actual orzamento por 5,37 veces.**
- As necesidades orzamentarias serían de **41.000.000 de euros/ano.**

MARCO DE AXUDAS 11

PDR DE GALICIA TRATAMENTOS SELVÍCOLAS MASAS CONÍFERAS: CONCLUSIONES

- O marco actual de axudas para coníferas para reforestación (novas superficies) a pesares de estar concebidas para todo tipo de propiedade forestal, pola falta de demanda doutros propietarios, **atende a CMVMC nun 96% das solicitudes, maioritariamente á situadas na provincia de Ourense 60% das solicitudes.** Asemade o *Pinus sylvestris* supón o **39% das novas superficies** de forestación.
- Non cubren **nin superficies queimadas nin repoboación trala corta** final de masas existentes.
- O marco actual de axudas para coníferas tratamentos selvícolas de masas existentes (clareos e podas) **precisaría multiplicarse por 5 para cubrir o 100% das necesidades de xestión** para madeira de calidade, **ata o importe duns 41 Meuros/ano.**
- Estas axudas presentan un sesgo cara a **CMVMC 99% clareos e 86% podas.** Asemade un sesgo cara a intervencións na **provincia de Ourense (62% rareos, 39% podas).**

1 OBXECTIVOS DO NOVO MARCO DE AXUDAS PARA CONÍFERAS



- Garantir que as axudas se apliquen á **producción de madeira de alto valor** con modelos ou itinerarios silvícolas tecnicamente correctos.
- Conseguir que as axudas acaden a **todo tipo de propiedade forestal** existente en Galicia, poñendo en marcha unha fórmula de **solicitud sinxela** e de control administrativo eficiente.
- Introducir a curto prazo **material de reprodución de alta calidade xenética** para prever patoloxías, mellorar a calidade da madeira e incrementar o crecemento das masas.
- Asegurar que as axudas permitan unha **xestión sostible dos montes** de coníferas desde unha perspectiva técnica, económica e financeira.

2 TIPOLOXÍA DAS AXUDAS NO NOVO MARCO PARA CONÍFERAS

- Proponse a creación dunha nova liña de subvencións destinada a financiar a xestión sostible de montes de coníferas dedicados á produción de madeira de calidade **mediante unha axuda contractual con pagos progresivos** a medida que se consigan **determinados fitos silvícolas** dende o ano cero de inicio da xestión **ata o ano 12** como máximo.
- As persoas propietarias forestais que queiran aproveitar estas axudas deben asinar un contrato coa Administración forestal competente, comprometéndose a desenvolver un **determinado itinerario silvícola valorado e especificado nun protocolo contractual ou plan técnico ou proxecto de ordenación**, cun calendario de pagos que **cubrirán aproximadamente do 70-100% do custo real** das operacións .

3 OUTROS REQUERIMENTOS DO NOVO MARCO DE AXUDAS PARA CONÍFERAS



Situación forestal de inicio

1. Montes rasos a restaurar con coníferas que utilicen **planta mellorada xeneticamente**.
2. Montes degradados por **incendios ou afectados por pragas ou enfermidades** que se corten e rexeneren con planta mellorada xeneticamente de coníferas.
3. Montes arborados de coníferas que **despois da corta final** se rexeneren con planta mellorada xeneticamente.

Obxectivos de produción de madeira:

- **300 pés/ha** mínimo ao finalizar a quenda de corta.
- Pés **corta final**: polo menos **4 metros de torada basal sen nós**.
- **300 m³/ha de madeira na corta final**.

4 RETOS ADAPTACIÓN **PEPAC 2023-2027** AO NOVO MARCO DE AXUDAS PARA CONÍFERAS



6502.1 - Compromisos forestales de gestión (6502.1 SIGC).

6502.2 - Compromisos de mantenimiento de forestaciones y sistemas agroforestales (6502.2 SIGC).

6881.1 - Inversiones forestales no productivas en repoblación forestal y sistemas agroforestales.

6881.2 - Inversiones forestales no productivas en prevención de daños forestales.

6881.1 - Inversiones forestales no productivas en repoblación forestal y sistemas agroforestales.

6881.2 - Inversiones forestales no productivas en prevención de daños forestales.

6881.3 - Inversiones forestales no productivas en restauración de daños forestales.

6881.4 - Inversiones forestales no productivas en actuaciones selvícolas con objetivos ambientales.

6883 - Inversiones forestales **productivas**